

THE RAPANTS

The Rapants acompañará a La Raíz no seu regreso aos escenarios no 2025

A banda muradá actuará no Coliseum da Coruña o 22 de marzo e no pavillón da Magdalena, en Avilés, o 26 de abril; e as entradas sairán á venda o 13 de xuño

Os rapantes retoman a súa xira *La máquina del buen rollo* este sábado 15 en Pontevedra, no marco do festival Surfing the Lérez



Samuel, Matías, Xaquín e Xanma son The Rapants © Andrea Sánchez

Muros, 11 de xuño de 2024.- The Rapants será unha das bandas de apertura dos concertos da nova xira de La Raíz, que regresa aos escenarios logo de seis anos de ausencia. Os muradáns acompañarán ao grupo liderado por Pablo Sánchez nos concertos que os valenciáns ofrecerán no 2025, coincidindo co 20 aniversario do nacemento da formación. Concretamente, os rapantes levarán *La máquina del buen rollo* aos directos que La Raíz dará o **22 marzo na Coruña (Coliseum)** e o **26 de abril en Avilés (pavillón da Magdalena)**. As entradas sairán á venda este xoves, 13 de xuño, a partir das 10.00 am, nas plataformas Enterticket e Ataquilla.com.

THE RAPANTS

The Rapants suma así dúas novas citas no seu tour, que comezou esta primavera cun dobre 'sold out' na **Sala Capitol** (23 e 24 de marzo, cuxas entradas se esgotaron en cuestión de minutos) e co que visitaron o **Náutico** de San Vicente (O Grove), o festival **Terraceo** de Vigo ou mesmo **La Sala do WiZink Center** de Madrid, na que se coroaron como gañadores do certame *Último acorde x Johnnie Walker* celebrado o 26 de abril.

Tras actuar o pasado mes de maio en citas como o Ourensound ou o Festival de Cans, este sábado 15 os rapantes retoman a xira de presentación do seu novo LP, *La máquina del buen rollo*. A cita será no festival pontevedrés **Surfing The Lérez**, no que actuarán a partir das 13.30 horas no Escenario Sala Karma. Proximamente visitarán localidades como A Estrada (Festas de San Paio, 25 de xuño) ou Carballo (Festas de San Xoán, 28 de xuño) e, a partir do mes de xullo, serán parte do cartel de citas como **Portámerica**, **Festas do Albariño**, **SonRías Baixas**, **Osa do Mar** ou **Revenidas**, entre outras por anunciar.

Máis información: www.therapants.es

Accede ao [kit de prensa](#) de The Rapants

Contacto de prensa The Rapants

Lucía Pita | 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es